

Resumo criterios da avaliación do módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora Curso 2023-2024

Docente: Iván González Lanzas

Para información ao detalle de todos os aspectos da programación, podedes revisar a mesma que estará colgada na páxina web do centro e na aula virtual do alumnado

Peso porcentual das cualificacións de cada unidade didáctica, exame e traballo:

TEMA 1			TEMA 2			TEMA 3			TEMA 4			TEMA 5
Exame	Traballo	Final	Exame	Traballo	Final	Exame	Traballo	Final	Exame	Traballo	Final	Traballo
50%	50%	100%	50%	50%	100%	60%	40%	100%	60%	40%	100%	100%

Resumo dos requisitos para superar el módulo:

- Deben cumprirse todos os requisitos indicados a continuación (de forma individual):
 - a) Entregar o plan de empresa con todos os apartados requiridos polo docente, así como a presentación oral do mesmo.
 - b) Acadar unha nota mínima de 5 na cualificación final global tendo en conta todas as porcentaxes de cada unidade didáctica (cadro superior)
 - c) Acadar unha nota mínima de 5 no apartado de cada tema que se considere mínimo exixible. Sempre se indicará cal é dito apartado considerado mínimo exixible.

Reforzo en caso de baixas cualificacións:

- a) En caso de que unha alumna ou alumno obteña nun exame dun tema concreto unha cualificación inferior a 3 sobre 10, deberá realizar un exame, traballo ou tarefa para reforzar dito tema (a decisión do docente).
- b) En caso de que unha alumna ou alumno obteña nun traballo obrigatorio dun tema concreto unha cualificación inferior a 4 sobre 10, deberá realizar un exame, traballo ou tarefa para reforzar dito tema (a decisión do docente).
- c) O alumnado que realice máis dunha proba escrita (exame) sobre o mesmo tema, a súa cualificación será o resultado da media tendo en conta a nota de todos os exames realizado de dito tema.

Fraude en exames ou traballos:

Calquera copia non autorizada en exames ou traballos suporá a obtención de la nota mínima no exame e a consideración de traballo non realizado no seu caso.

Perda do dereito de avaliación continua:

Aténdese á normativa que regula este aspecto, y polo tanto o alumnado que non asista ao 10% das horas do módulo sen xustificación, perderá o dereito á avaliación continua.

Extracto da programación Empresa e Iniciativa Emprendedora Curso 2023-2024**Docente: Iván González Lanzas****5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

En cada unha das unidades didácticas figuran os criterios de avaliación que teñen a consideración de mínimos exigibles. Ademais os mesmos son reflectidos no último parágrafo deste apartado.

Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as unidades didácticas xa avaliadas ata o final de devandita avaliación, calculando segundo as porcentaxes atribuídas a cada unidade didáctica (punto 3 da programación). Tendo sempre en conta que será avaliación continua.

Para o cálculo da nota final do módulo teranse en conta a ponderación de cada unha das unidades didácticas segundo aparece no punto 3.

Criterios de cualificación:

As cualificacións obtidas polo alumno/a expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais.

Obterá unha avaliación positiva o/a alumna/o que acade unha puntuación mínima de 5 en todos os criterios de avaliación considerados mínimos exigibles, e que acade unha cualificación igual ou superior a 5 na nota final global, tendo en conta as porcentaxes atribuída a cada unidade didáctica.

Ademais é obrigatorio que cada alumno e alumna deberá entregar o plan de empresa con todos os apartados requiridos polo docente, así como a presentación oral do mesmo dos apartados exixidos polo docente.

En caso de que unha alumna ou alumno obteña nun exame dun tema concreto unha cualificación inferior a 3 sobre 10, deberá realizar un exame, traballo ou tarefa para reforzar dito tema (a decisión do docente).

En caso de que unha alumna ou alumno obteña nun traballo obrigatorio dun tema concreto unha cualificación inferior a 4 sobre 10, deberá realizar un exame, traballo ou tarefa para reforzar dito tema (a decisión do docente).

O alumnado que realice máis dunha proba escrita (exame) sobre o mesmo tema, a súa cualificación será o resultado da media tendo en conta a nota de todos os exames realizado de dito tema.

As datas da realización dos exames e da entrega dos traballos serán publicadas coa suficiente antelación na Aula Virtual.

En cada unidade didáctica contémpanse distintos instrumentos de avaliación aplicables a cada CA. Distinguímos:

Proba Escrita (PE)

Táboas de observación (TO)

Listas de Cotexo (LC)

Os instrumentos de avaliación que aparecen na programación poderán ser adaptados e modificados segundo o criterio do docente tendo en conta dificultades do alumnado e temporalización da programación.

IES Pedra da Auga

O peso porcentual da cualificación atribuída aos traballos e aos exames informáranse para cada unidade didáctica, tendo en conta os criterios ou subcriterios que se avalían mediante traballo ou mediante exame. Poderán ser adaptados e modificados segundo o criterio do docente tendo en conta características do alumnado e temporalización da programación.

Exames:

O alumnado que por motivo de causa xustificada extraordinaria, non poida acudir a un exame deberá avisar de forma previa da súa ausencia, con antelación á realización do exame ao docente. O docente valorará xunto co equipo docente e directivo o motivo alegado, e só en caso de xustificación adecuada da ausencia, realizarase o exame ao alumnado que non puido acudir na data oficial do exame, noutra data.

O alumnado que se ausente dun exame sen causa xustificada, obterá a nota mínima posible para dito exame, e só se o docente o considera adecuado, podería realizar dito exame noutra data, tendo en conta que se faría nota media entre a nota mínima do primeiro exame, e a cualificación obtida no segundo exame.

O alumnado que mediante calquera tipo de medio realice fraude durante os exames, será expulsado do exame, e obterá a nota mínima posible, e só se o docente o considera adecuado, podería recuperar dito exame no período de recuperación.

Traballos:

Durante este módulo o eixe principal é a elaboración dun plan de empresa por parte do alumnado. Cada alumno ou alumna debe entregar todos os apartados requiridos polo docente.

A copia non autorizada dun traballo ou proxecto suporá como traballo non feito. Considerarase copia o plaxio doutros traballos, proxectos, páxinas en internet etc. ou de calquera fonte non autorizada polo docente, e suporá tamén como traballo non feito no traballo completo.

Haberá un prazo para a presentación dos traballos. Cando o docente considere poderase establecer unha prórroga de entrega con penalización ou no na cualificación segundo o criterio publicado para cada traballo.

Poderase abrir un prazo extraordinario de presentación de traballos antes de finalizar cada avaliación, pero nese caso a cualificación máxima do traballo será de 5.

Nos traballos realizados en clase, terase en conta a dedicación do alumnado no mesmo durante as sesións de clase, e informarase ao alumnado como pode influír na cualificación de ditos traballos.

Traballos e probas escritas adicionais:

O docente poderá ofrecer a oportunidade da realización de traballos voluntarios en algunhas unidades didácticas, que permitan a suba da nota final da unidade didáctica en cuestión. Así como, probas escritas sen preavisar, para comprobar o seguimento do estudado en clase.

Para os alumnos que non alcanzaran os obxectivos previstos realizaranse actividades de apoio, tendo en conta as características do alumnado en cuestión.



Perda da avaliación continua:

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos da determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación destas faltas, a súa aceptación regularase segundo o establecido no correspondente regulamento oficial e do réxime interior do centro

Mínimos esixibles:

CA1.7.1 Identifícase no plan de empresa a idea emprendedora tomada e o motivo de tal decisión.

CA2.12.1 Determinouse un plan de empresa coa idea de negocio, localización, organización interna, recursos y plan de marketing.

CA3.9.1 Determinouse no plan de empresa a elección de forma xurídica, os trámites de inicio da actividade, así como axudas e subvencións.

CA4.5.1 Determinouse no plan de empresa un plan financeiro segundo o proxecto empresarial que sexa viable.